CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS 2020

- A finalidade do premio é incentivar as **ideas de innovación dos profesionais sanitarios** do Sistema Público de Saúde de Galicia, así como as dos **pacientes e as súas asociacións**.
- As solicitudes presentaranse **obrigatoriamente a través do formulario da Sede Electrónica** da Xunta de Galicia. O código do procedemento asociado é: **SA304A - Premios de innovación en saúde 2020**.
- O prazo para a presentación de solicitudes **rematará o 23 de marzo do 2021**.

As candidaturas que sexan galardoadas co premio deberán continuar no proceso de innovación aprobado pola Administración na Plataforma de Innovación Sanitaria para a seu posible desenvolvemento ou implantación no Servizo Galego de Saúde. O Servizo Galego de Saúde impulsará as ideas galardoadas para a súa implantación no sistema. Tamén poderán continuar no proceso de innovación aprobado pola Administración na P.I. para o seu acompañamento as catro

A quen van dirixidos?

Respecto á modalidade de **idea de profesionais: persoal ao servizo do Sistema Público de Saúde de Galicia** que desenvolva unha idea innovadora no sistema sanitario galego. As persoas físicas que presenten unha idea poden representar un equipo (máximo 4 persoas, incluído o representante).

Respecto á modalidade de **idea de pacientes:** poderá presentar a súa idea **calquera persoa física (pacientes, coidadores, etc.), organización ou asociación de pacientes sen ánimo de lucro**. Tamén poderán presentarse varias persoas físicas, organizacións ou asociacións de pacientes representadas por unha delas (máximo 4, incluído o representante).

Os premios consistirán en

Modalidade de idea de profesionais:
a) Adquisición de material e pequeno equipamento inventariable, subcontratación de servizos de I+D+i ou gastos similares vencellados ás actividades da idea gañadora; e/ou
b) Asistencia a cursos de formación, a congresos relacionados coa innovación, a un centro innovador de ámbito internacional ou actividades relacionadas cun límite de 1.625 euros por persoa para aloxamento, viaxe e axudas de custo de manutención.
A dotación económica máxima na modalidade de profesionais é de 6.500 euros.

Modalidade de idea de pacientes:
a) Adquisición de material e pequeno equipamento inventariable ou subcontratación de servizos de I+D+i vencellado ás actividades da idea gañadora; e/ou
b) Formación en aspectos relacionados cos fins fundacionais da

PARTICIPA!

Presenta a túa idea en liña

Bases reguladoras e convocatoria 2020

AVISOS

RESOLUCIÓN do 17 de febreiro de 2021 pola que se acorda a ampliación do prazo para a presentación de solicitudes ata o 23 de marzo de 2021.

EXTRACTO da Resolución do 17 de febreiro de 2021 pola que se acorda a ampliación de prazo para a presentación de solicitudes ata o 23 de marzo de 2021.

CONTIDOS RELACIONADOS

I Edición. Premios de innovación en saúde 2019

Sanidade entrega os I Premios á Innovación en Saúde do Sistema Público de Galicia

asociación ou organización sen ánimo de lucro relacionada coa saúde que o gañador desta modalidade seleccione.
A dotación económica máxima na modalidade de pacientes é de 2.000 euros.

Farase entrega dos premios nun acto público **organizado pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde conxuntamente co Nodo de Innovación de Lugo**, con representación institucional e coa axeitada campaña de difusión entre a sociedade.